

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O 3º TRIMESTRE DO CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL

CURSO: 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

DATA: 12 de maio 2020

ÍNDICE

1.DATOS XERAIS DA AULA.	3
2. CONCRECIÓN CURRICULAR POR ÁREAS DE COÑECEMENTO.	4
3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES	8
4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	9
5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.	10

1.DATOS XERAIS DA AULA.

CENTRO	CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL	NIVEL	QUINTO
ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL		
OBSERVACIÓNS	É unha aula mixta con 14 nenos e nenas, 6 de 4 anos e 8 de 5 anos.		
VÍAS DE COMUNICACIÓN:	O sistema de comunicación empregado no centro é: • Tokappschool • Web do centro • Email corporativo • Teléfono móbil do centro.		

2. CONCRECIÓN CURRICULAR POR ÁREAS DE COÑECEMENTO.

CRITERIOS AVALIACIÓN	INDICADORES
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
✓ Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	- Nomea as partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas. - Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.
✓ Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	- Ten unha boa coordinación de movementos. - Globalmente móvese con axilidade.
✓ Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	- Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene, ... - Controla as emocións e impulsos negativos.
✓ Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	- É quen de solicitar axuda cando a precisa. - Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.
✓ Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	- Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio - Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos. - Presenta unha boa motricidade fina.
✓ Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as norma	- Amósase constante na súa actividade - Amósase ordenado/a nas súas tarefas. - Esfórzase na realización das tarefas.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

✓ Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	• Clasifica os obxectos atendendo a algún criterio.
	• Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo
✓ Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	• Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
	• Asocia algúns números coas cantidades que representan.
	• Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias, et.).
	• Conta de forma ordenada e dando un cardinal final que representa a cantidade de obxectos dada.
✓ Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.	• Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias, et.).
	• Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo
	• Coñece a serie numérica.
✓ Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando tempo ralmente feitos referidos á súa vida.	• Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente.
	• Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.
✓ Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relación sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	• Describe características físicas (partes, forma, cor...) e funcionais (alimentación, desprazamento,...).
	• Coñece os coidados básicos que requiren animais e plantas para vivir.
	• Coñece as persoas do seu marco social e os seus nomes.
✓ -Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.	• Ten curiosidade por todo o que o rodea.
	• Relaciona as explicacións da persoa docente con experiencias concretas súas.

✓ Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos	• Relaciona as explicacións da persoa docente con experiencias concretas súas. • Ten curiosidade por todo o que o rodea.
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	
✓ Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	• Participa activamente nas conversas da aula. • Ten unha linguaxe fluída.
✓ Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	• Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar. • Comprende as explicacións que se dan na clase.
✓ Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.	• Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas... • Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.
✓ Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...	• Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias ... Descubre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo. • Utiliza todo o espazo gráfico.
✓ Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	• Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas... • Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas.
LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS	
✓ Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	• Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira. • Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira. • Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua.

	• Aмоса interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
RELIXIÓN CATÓLICA	
✓ Respectar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.	• Recoñece a cruz como símbolo que nos lembra a Xesús. • Coñece algúns feitos relativos á paixón, morte e resurrección de Xesús.
✓ Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia	• Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas, especialmente dos nenos e das nenas.
MÚSICA	
✓ Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	• Descubre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo.
	• Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.
	• Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.
PSICOMOTRICIDADE	
✓ Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	• Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
	• Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos.

3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES

		TAREFAS / ACTIVIDADES	TIPO	INSTRUMENTOS E TÉCNICAS
METODOLOXÍA	ALUMNADO con conectividade	• Actividades de escritura, • Actividades de lectura, • Actividades de motricidade fina e grossa, • Actividades de movemento. • Actividades de lóxico-matemática.	☐ RECUPERACIÓN ☒ REPASO ☒ REFORZO ☒ AMPLIACIÓN	• Dispositivos electrónicos (ordenador, tablet, móbil,...), • Fichas imprimibles, • Libro do alumno/a, • Material audiovisual. • Material funxible.
	ALUMNADO sen conectividade)	NON SE DEU O CASO		-----

Proponse un traballo semanal con actividades encamiñadas a traballar, sobre todo, o reforzo dos contidos xa traballados anteriormente, que son totalmente voluntarios para as familias. Debido a que estes nenos finalizan etapa tratamos de profundizar no traballo de lectoescritura de cara a vindeira etapa.

O Concello de Castrelo do Val ofreceuse a imprimir calquera traballo dos nenos para quen non dispón dos recursos necesarios.

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Nesta etapa de Educación Infantil a avaliación baséase na observación directa e na análise dos traballos dos nenos como fonte de información. Debido a que actualmente non é posible este procedemento decidiuse que a avaliación deste trimestre se basee nos ítems e no traballo realizado na segunda avaliación.

Nas propostas de traballo semanal, mencionadas anteriormente, tratarase de repasar e reforzar contidos anteriormente traballados, especialmente para os nenos que na segunda avaliación tiñan algún item en proceso de consecución.

5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	A información darase a través da páxina web do cole https://educastrelo.com/ , o correo corporativo da Xunta e a aplicación Tokappschool.
Publicidade	Publicarase este documento na páxina web do centro